



Concello de Vilariño de Conso

ANUNCIO:

En data 11 de decembro de 2017, pola Sra. Alcaldesa ditouse o seguinte Decreto de Alcaldía:

“DECRETO DE ALCALDIA

Á vista da axuda concedida a este concello no ámbito das subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), segundo orde do 29 de agosto de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (DOG nº 171 de 8 de setembro de 2017), e resolución do servizo de emprego e economía social da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 29 de novembro de 2017,

Á vista das bases de selección elaboradas ó efecto, para a contratación de 2 peóns forestais para a realización de labores de melloras en zonas públicas desbroces, limpeza, protección do bosque e mantementos de xardíns, no uso das atribucións propias do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo elaborados ó efecto.

SEGUNDO: Convocar o correspondente proceso selectivo, que se realizará mediante concurso entre aqueles aspirantes preseleccionados pola Oficina de Emprego de Viana do Bolo, de acordo coa orde do 29 de agosto de 2017 indicada, realizando a correspondente oferta.

TERCEIRO: Publicar o anuncio de convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello e web municipal.

En Vilariño de Conso,

O ALCALDE

D^a. Melisa Macía Domínguez

A SECRETARIA-INTERVENTORA

D^a. Ana María Loureiro Silva”